

## ORGANIZACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS HORARIO LECTIVO 24/25

A Coruña, a 10 de setembro de 2024

### ***Consideracións iniciais:***

O horario lectivo é das 9:00h ás 14:00h agás educación infantil, que será dende ás 9:00h e saída escalonada.

### **ENTRADAS E SAÍDAS:**

As portas de acceso ao centro abriranse ás 8:55h e pecharanse ás 9:10h. A saída abriranse do mesmo xeito segundo o horario de recollida en educación infantil.

O alumnado de E. Infantil que chegue unha vez pechadas as portas de entrada ao centro, deixarán a súa filla/o no hall de entrada e o seu fillo/a será levado a aula por persoal do centro, non polas familias.

O alumnado de 1º, 2º e 3º de E. P. subirán pola marxe dereita das escaleiras de acceso aos andares e baixarán polo mesmo marxe.

O alumnado de 4º, 5º e 6º de E. P. subirán pola marxe esquerda e baixarán polo mesmo marxe.

### **E. INFANTIL:**

- As familias poderán acompañar aos seus fillos/as ata a súa aula de infantil. O tempo mínimo indispensable.

- A saída se efectuará do mesmo xeito dentro do centro no espacio onde deixan aos seus fillos/as.

### **E. PRIMARIA:**

#### ***Entrada:***

- O alumnado de E. P. poderá entrar ao centro ata a escaleiras de entrada ao hall do centro acompañado d@ súa nai/pai/titor legal. SO ATA AS ESCALEIRAS.

- A partires de aí o alumnado entrará só ata a súa aula.

- En todos os casos ás familias e/ou acompañantes deberán permanecer o tempo mínimo imprescindible para que a entrada sexa fluída e sen atrancos.

***En ningún caso poderase subir pola rampa de acceso ubicada no patio ata o hall de entrada salvo causa xustificada.***



**Saída:**

- O alumnado será entregado e recollido pola persoa autorizada pola familia mediante circular notificada do seguinte xeito:
  - o Infantil: na porta de acceso ás aulas de infantil.
  - o Primaria:
    - O alumnado de 1º, 2º e 3º de E.P., será entregado polo profesorado nas escaleiras de acceso ao hall da entrada. Para o mesmo prégase ás familias que estean dentro do recinto que se poñan ao marxe dereito do patio de frente ao hall de entrada, para facilitar a recollida do alumnado. Unha vez que o recollan convén que vaian saíndo do centro para facer máis fluída a entrega e non acumulación de persoas que mesmo aparte de dificultar a entrega, asusta ao alumnado máis pequeno.
    - O alumnado do 4º, 5º e 6º de E.P., será entregado polo profesorado nas escaleiras de acceso ao hall da entrada. Para o mesmo prégase ás familias que estean dentro do recinto que se poñan ao marxe esquierdo do patio de frente ao hall de entrada, para facilitar a recollida do alumnado. Unha vez que o recollan convén que vaian saíndo do centro para facer máis fluída a entrega e non acumulación de persoas que mesmo aparte de dificultar a entrega, asusta ao alumnado máis pequeno.
    - O alumnado poderá ser entregado ao remate da rampa de acceso unha vez que estea comprobado que saíron todos os usuarios de autobús.

***En ningún caso poderase esperar nin subir pola rampa de acceso ubicada no patio ata o hall de entrada por parte das familias.***

Grazas a tod@s.

D. Francisco José Mourelo Barreiro

Director.

